



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago de Compostela e Teo para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos

1. A urbanización dos Tilos constitúe un importante asentamento poboacional situado dentro do termo municipal de Teo e nas proximidades de Santiago de Compostela que alberga na actualidade mais de 2.000 persoas, das cales a maior parte son xente nova que presenta unha demanda de mobilidade recorrente.

As administracións competentes teñen a responsabilidade de atender esa necesidade a través dunha oferta de transporte axeitada. Porén, as peculiares características da zona na que se localiza a urbanización determinan que os tráficos non poidan ser cubertos de maneira totalmente satisfactoria polos servizos de transporte interurbano, que non ofrecen as frecuencias nin a accesibilidade precisas, nin tampouco polo urbano de Santiago de Compostela, que non pode estender os seus servizos máis alá do seu termo municipal.

2. Como instrumento para resolver de maneira eficaz as dificultades descritas, con data do 14 de setembro de 2015 formalizouse un convenio de colaboración dirixido á coordinación das intervencións que lles corresponden ás administracións autonómica e local en virtude das súas respectivas competencias, co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese xeral con base na regulación establecida pola disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que establece a posibilidade de que as administracións formalicen convenios de colaboración *“mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa”*.

O acerto e legalidade desta liña de colaboración foi confirmada polas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19 de novembro de 2018 e do 13 de setembro de 2019 que desestiman os recursos interpostos contra o dito convenio de colaboración por parte das entidades CASTROMIL, SA e DONADO CAMPOS, SL.

3. Coa entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é preciso realizar unha renovación do convenio asinado con data do 14 de setembro de 2015 para adaptalo á nova normativa e dar continuidade á finalidade de interese público que se persegue con este instrumento de colaboración que asegura a satisfacción das demandas de mobilidade da poboación afectada, mantendo a totalidade de previsións do convenio anterior, e fixando o prazo de vixencia de acordo coa normativa legal actualmente vixente.





Por todo o exposto, considérase preciso asinar un novo convenio que dea continuidade ao anterior e proporcione a cobertura do servizo de transporte á devandita urbanización a través da extensión do servizo de transporte urbano de Santiago de Compostela.

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte
Antón García Río

Conforme:

O director Xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

(Documento asinado dixitalmente)

